

PEZA DO MES

xuño

2026



CRUZ EMBOLADA
CASTRO DE SAN VICENZO, AVIÓN



Cruz embolada. Castro de San Vincenzo, Avión

Século II a. C. – I d. C.

Granito- 63 x 44 x 10 cm

Castro de San Vincenzo, Avión, Ourense.

Estamos diante dunha peza que poderíamos encadrar dentro da denominada plástica arquitectónica galaica, pero que transcende máis aló do meramente decorativo para ter un significado simbólico.

Esta peza, xunto cun tríscele de igual tamaño e soporte pétreo, foi localizado no transcurso dunha escavación arqueolóxica levada a cabo no ano 2024, promovida e financiada, tanto pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xusto como pola Asociación Cultural Vive Avión, dentro do concello ourensán de Avión, campaña arqueolóxica dirixida polo arqueólogo Jorge Lamas Bértolo.

Trátase dun asentamento fortificado da Idade do Ferro, que segundo a descrición que aparece na súa ficha de catalogación do ano 2023 se trata dun: «asentamento fortificado tipo castro, sito nun amplo outeiro á marxe

dereita do río Avia, preto do lugar de San Vincenzo (Avión). O asentamento está formado por unha serie de recintos en socalcos que aproveitan a orografía do propio outeiro. Conta cun complexo e potente sistema defensivo formado por 3 liñas defensivas construídas en pedra, máis unha cuarta formada por un parapeto de terra. O xacemento está profundamente alterado pola súa cara leste debido á construción dunha estrada de acceso e unha antena de radiotelevisión. No recinto superior identificáronse unha serie de estruturas circulares realizadas en cachotaría de pedra de tamaño medio. Intúense, ademais, restos e evidencias doutras estruturas apoiadas entre os diferentes bloques graníticos distribuídos ao longo deste recinto. Existen ademais evidencias do uso antrópico en varios destes bloques. Ademais da existencia dun petróglifo xa catalogado (GA32004053), no recinto superior localizouse un grande afloramento granítico no que se esculpiron unha serie de rebaixes a modo de escaleira, máis unha pía rectangular e unha serie de buratos de poste. Non se localizaron evidencias de estruturas nos demais recintos. No trazado das diferentes liñas defensivas, aínda que moi deterioradas, é posible identificar tramos de lenzo pétreo. O paramento destas está construído a base de formar varios niveis de muro a diferentes alturas e de xeito escalonado».

A peza representa una lousa de granito de 63 cm de longo por 44 cm de ancho e 10 cm de grosor, que acolle un gravado do que se denomina «cruz embolada», como modo de facer referencia a unha especie de labirinto con desenvolvemento en cruz. O seu trazo presenta un deseño cruciforme que a partir de dúas liñas que arrancan no círculo exterior de cada brazo, culminan na circunferencia interior do brazo contiguo, de forma que se debuxan así catro cruces concéntricas ou, se se prefire, outros tantos itinerarios cara aos círculos interiores. Tamén amosan unha especie de triángulos asociados a cada un dos círculos.

A súa localización, dentro do castro, asociámola á denominada como construción ou estrutura E1. Correspóndese cunha cabana circular de 4 m de diámetro interior (5,20 diámetro exterior), feita a base de cachotes de granito que pousan directamente sobre a rocha natural. Ao redor da cabana, asoma un preparado a base de terra marrón, moi prensada, que serviría de «zócolo» para illar esta de filtracións de auga. Así, esta peza, xunto co tríscele, apareceron no sector surleste, na parte exterior e a ambos os lados do acceso da cabana. As dúas lousas presentan unha lixeira curvatura moi necesaria para adaptarse



ao paramento exterior da construción, lugar onde estarían colocadas. Estratigraficamente, sinalamos que a súa posición, se sitúa na unidade denominada UE-1004, que se corresponde cun nivel de derruba antiga da construción, composto de terra máis clara e pedras procedente do paramento exterior desta e que pousaba directamente sobre a rocha natural e o nivel de zócolo. As dúas apareceron cos gravados cara abaixo. A case total ausencia de materiais arqueolóxicos, tanto no interior (bastante arrasado), como no exterior, non nos permite datar con precisión a súa cronoloxía, porén, materiais que si aparecen noutros sectores do castro suxiren una ocupación final entre o s. II a. C. e o I d. C.

Este tipo de representación da cruz embolada preséntase moi escasa dentro do ámbito atlántico. No territorio galaico coñécese unha peza con simboloxía parecida no castro de Santa Trega, de menor tamaño, feita nun perpiaño a xeito de tizón; na zona ástur, no castro de Coaña, localizada na contorna das murallas da ladeira meridional; na parte do norte de Portugal, localízase un paralelo na Pedra Formosa do castro do Alto das Eiras, en Vilanova de Famalição, onde ambas as cruces aparecen nos «cuarteis» inferiores do panel monolítico flanqueando o van de acceso á cámara; finalmente, e xa fóra do marco peninsular, pero na fachada atlántica, concretamente en Irlanda, aparece un gravado moi semellante sobre unha laxa natural en superficie.

Pola súa posición, localizada xunto co triscele, a ambos os lados da porta de acceso á cabana, a función que

debería ter sería máis de tipo cultural que práctica. Dende o punto de vista do seu significado, non cabe dúbida de que as comunidades galaicas mostran un profundo contido simbólico das súas manifestacións máis características nas que se comparten mensaxes de orde social, relixiosa ou astral. A súa distribución xeográfica, combinación de composición e soportes, fan que a súa creación non sexa aleatoria, de ocorrencia artística do artista en concreto ou de espazo dispoñible para a súa execución.

Isto reforza a existencia duns códigos compartidos durante a Idade do Ferro que se expresan a través de patróns recoñecibles nas súas dimensións e estruturas, sobre todo en modelos arquitectónicos (saunas, portas...) ou na decoración cerámica e ourivaría.

Non ten moito sentido centrarse nos valores simbólicos que se atribúen aos grafismos xeométricos (círculos, lazos, entrelazos...). Xunto coas súas funcións apotropaicas, propiciatorias, alegorías astrais ou manifestacións de status, amplamente recoñecidas. A cuestión radica na súa asociación con outros elementos, na súa distribución ou incluso soporte, podendo adquirir un significado moi diferente, sen falar da súa evolución cronolóxica na que estes motivos simbólicos puidesen ter variado a súa significación ao longo do tempo.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h.

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Jorge Lamas Bértolo

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA DE CUBERTA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco